

EXPEDIENTE: 4681/2022

ASUNTO: RELACIÓN PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PROCESO SELECTIVO MESTRE  
REPOBOACIÓNS OBRADOIRO DE EMPREGO

DOCUMENTO: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Por Resolución de alcaldía de data 12/09/2022 aprobouse a convocatoria e as bases para a selección do equipo docente e directivo do "OBRADOIRO DE EMPREGO XESTIÓN FORESTAL TORRE GOIÁNS II BOIRO".

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 176 de data de 15/09/2022, no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal).

O 20/09/2022 rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo, ó que se presentaron un total de 6 solicitudes para o posto de mestre repoboacións forestais e tratamentos silvícolas.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen esta convocatoria, procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Declarar provisionalmente admitidas no proceso selectivo dun/ha mestre/a repoboacións forestais e tratamentos silvícolas do Obradoiro de Emprego Xestión Forestal Torre de Goiáns II Boiro, ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento:

Nome
JUAN CARLOS LORENTE GARCIA
MANUEL FERNANDEZ BUCETA
RAMON CAAMAÑO VARELA
TERESA GONZALEZ RODRIGUEZ

**Segundo.-** Declarar provisionalmente excluídas no proceso selectivo dun/ha mestre/a repoboacións forestais e tratamentos silvícolas do Obradoiro de Emprego Xestión Forestal Torre de Goiáns II Boiro, ás seguintes persoas aspirantes polos seguintes motivos de exclusión:

Nome	Motivo da exclusión
JOANA PIÑEIRO CASTELO	NON ACREDITA PRESCRICIÓN DE MESTRE
XOSE PEREZ PAIS	NON APORTA PERMISO DE CONDUCIR

**Terceiro.-** Facer pública, mediante a súa inserción na páxina web do concello [www.boiro.org](http://www.boiro.org) e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, concedendo ás persoas interesadas un prazo de dous días naturais a contar dende o día seguinte ó da súa publicación para a emenda dos posibles defectos e omisións na documentación presentada.

**Cuarto.-** Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Boiro, á data que figura na marxe esquerda.

O ALCALDE

O SECRETARIO

